

RELIXIÓN CATÓLICA

CEIP VILLAVERDE
MOURENTE

PROGRAMACIÓN

CURSO 2020 – 2021

Margarita Souto Paredes

1. INTRODUCCIÓN e contextualización da programación:

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades. Neste sentido establece unha nova ordenación curricular que, no caso da materia de Relixión e Moral Católica compete á Conferencia Episcopal.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal establécense os principios que fan posible as garantías constitucionais.

A Lei Orgánica de Mellora da Calidade da Educación, confire ao ensino das relixións o tratamento académico, en Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato, que lles corresponde pola súa importancia para o logro da educación integral do alumno, conforme ao previsto na Constitución Española (art. 27.2 e 3) e nos acordos subscritos polo Estado español.

A Disposición Adicional Segunda responde ao dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, segundo as súas conviccións, establecendo que a relixión católica incluírase como área ou materia nos niveis educativos que corresponda, que será de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para os alumnos.

O currículo do ensino da relixión católica, establecido pola Conferencia Episcopal Española, e publicado no BOE con data de 24 de febreiro de 2015, constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, adecuada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do gran acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos en diálogo coa cultura do noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá, que se presenta no currículo, fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e no tempo de cada etapa.

Non podería existir unha formación integral e, xa que logo, unha educación de calidade, si non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales atópase constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo, adquire o seu auténtico cumprimento na procura do sentido último da vida.

Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa -tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade- nos símbolos e signos da súa contorna, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativo da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

2. Previsión do desenvolvemento da programación nos seguintes escenarios:

2.2 Escenarios de actividade lectiva presencial: Seguirase a programación xeral de curso.

Dada a situación sanitaria actual que estamos a vivir neste momento coa Covid-19 e, seguindo as directrices marcadas pola dirección do centro, e recollidas no Plan de adaptación á crise da covid elaborado polo centro, a área de Relixión Católica impártese compartindo aula coa área de Valores (e coa área de Relixión Evanxélica en 3º de EP).

Deste xeito, segundo a dirección do centro, evítase ó máximo o risco de contaxio.

2.2.1 Escenarios de actividade lectiva semipresencial: Empregarase a aula virtual, non obstante para proveer o dereito á educación ao alumnado que non poda seguir a ensinanza telemática, a continuación describo diferentes escenarios que dentro da actividade semipresencial se poden dar e que ademais adáptanse a todas as situacións posibles e que asegura o seguimento contínuo do curso polo alumnado.

2.2.2 Alumnado con ausencia á aula por enfermidade: Entendendo que o alumnado cando está enfermo non está en condicións de realizar traballo nin de adquirir coñecementos. Non lle mandarei traballo, será unha vez á volta a aula cando eu como docente valorarei se o/a alumno/a non perdeu ningún dos contidos mínimos e pode seguir o ritmo da aula ou se pola contra precisa algunha actividade de reforzo que intentarei como norma xeral se realice dentro do horario da materia.

2.2.3 Alumnado en confinamento: O confinamento está establecido en 10 días polo que podería supoñer dúas sesións na maior parte dos grupos e 4 en segundo de primaria, actuarase do mesmo xeito que no apartado 1.2.3

2.2.4 Restricción do alumando por aula, baixada das ratios e que o centro educativo non teña espazo. Adaptaría este apartado á lexislación vixente no momento, podendo ser que cada subgrupo tivese clase presencial cada 15 días, alternando con unha semi presencial no medio, a hora presencial empregaríase para a exposición do tema adquisición de competencias e solución de erros comúns e individuais.

A hora que estarían na casa realizarían o traballo que lle marcaría na hora presencial, podendo esclarecerlle dúvidas por correo electrónico os que dispoñan del ou na clase presencial seguinte.

2.3 Confinamento total: Análise das producións presentadas a través de Aula Virtual, blogs e EDIXGAL.

3. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Dado que os contidos da materia de Relixión dos diferentes cursos son ampliados nos seguintes aqueles contidos que non foron adquiridos no curso anterior poden ser detectados mediante a avaliación inicial e por conseguinte traballados no curso presente.

4. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación

Valorar a importancia de coidar da Creación (natureza/persoas/animais).

Comprender a importancia de ter alguén que nos quere e coida.

Recoñecer a mensaxe e a ensinanza de algunhas parábolas de Xesús (bos comportamentos/valores).

Participar nas actividades propostas .

Estándar de aprendizaxe

- Recoñece a importancia de coidar do que nos rodea.
- Valora a importancia de ter o noso arredor persoas que nos queren e coidan.
- Aмосa interese por ver os vídeos e disfruta das ensinanzas das parábolas.
- Entrega as actividades propostas.
- Aмосa creatividade nas propostas entregadas.
- Aмосa no faladoiro/no correo electrónico/videoconferencia que lle gustou a tarefa.

OBSERVACIÓNS:

Dado a nova situación que estamos a vivir neste momento, e tendo en conta a liña metodolóxica do centro de non sobrecargar as familias, a proposta para a 3º avaliación dende a área de Relixión Católica é a seguinte: Unificar os criterios de avaliación da materia para toda a Etapa de Educación Primaria, facendo propostas de tarefas quincenais. Adaptando as propostas a idade do alumnado. Colaborando na coordinación das tarefas integradas propostas polas titorías, partindo dende a perspectiva de Valores, onde poderá participar tanto o alumnado matriculado na materia de Relixión Católica como na materia de Atención Educativa.

AVALIACIÓN:

2. Avaliación e cualificación

Procedementos de avaliación:

- Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado
- Análise das producións solicitadas ao alumnado (fotografía da actividade realizada)

- Observación e Intercambios orais durante as videoconferencias
- Recopilación dos materiais remitidos.

Instrumentos:

- Alumnado: Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado.
- Profesorado (ferramentas de avaliación):

Documentos de rexistro:

- Rexistro do traballo do alumnado (carpeta dixital e axenda do profesorado).
- Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas.
- Instrumento de valoración para comprobar o desempeño do alumnado nas tarefas solicitadas: presentación coidada das tarefas.

Terase en conta o nivel de realización do traballo, que estea o mellor realizado posible, atendendo ás condicións ou pautas establecidas para a súa realización. Valores acordados:

- Entrega de actividades ata un 25% = 5
- Entrega de actividades do 25% ata o 40% = 6
- Entrega de actividades do 50% ata o 60% = 7

- Entrega de actividades do 60% ata o 70% = 8
- Entrega de actividades do 80% ata o 90% = 9
- Entrega de actividades do 90% ata o 100% = 10

Cualificación final

Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación poderá verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación en ningún caso poderá verse diminuída. A 3ª avaliación servirá para subir a nota do alumnado nunca para prexudicalo. En situacións normais a avaliación final é a media das tres avaliacións, mais nestas condicións adaptarase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:

50% da 1ª avaliación+ 45% da 2ª avaliación+ 5% da 3ª avaliación

(Sempre que non supoña unha diminución da cualificación, senón unha mellora con respecto da media da 1º e da 2º avaliación.)

Actividades

Visionado de vídeos, realización de debuxos, escribir palabra/texto relacionado co vídeo, contestar preguntas, lectura de información ...

Metodoloxía NON PRESENCIAL (Alumnado con conectividade e sen conectividade)

- Participación a través do faladoiro introducindo a proposta de actividade.
- Envío de proposta ao profesorado de nivel para que a engada no blog ou aula virtual.
- Comunicación co alumnado a través do faladoiro/ videoconferencias/correo electrónico.
- Participación nas tarefas integradas propostas por cada nivel a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos de 2º trimestre, conmemoracións,...), partindo da globalización e do traballo colaborativo entre o profesorado.
- As propostas para o alumnado e as súas familias serán viables, sinxelas, flexibles e motivadoras, reforzarán vínculos, terán en conta as dificultades que teñen para un traballo autónomo, pero sobre todo para non crear desigualdades entre o alumnado.
- Tódalas propostas son inclusivas e adaptables ás posibilidades do alumnado con NEAE , contando se fose preciso coa orientación do DO, PT e AL.

Alumnado con conectividade:

- explicación da proposta no faladoiro,
- actividades colgada no blog,
- rexistro de actividade realizada na carpeta dixital/axenda do profesor,
- rexistro de seguimento do alumnado
- anotación no faladoiro/correo de actividade recibida e felicitación polo traballo realizado.

Alumnado sen conectividade:

Para o alumnado con falta de recursos dixitais tentarase buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades, así como o teléfono móbil do centro, o WhatsApp co mesmo número, o teléfono con número privado do profesorado, ata os servizos prestados pola Casa Azul, Fundación Meniños ou a Cruz Vermella, e empregaranse as mesmas canles para a achega das actividades ás titorías.

Materiais e recursos

Recursos TIC (blog, tokapp, páxinas web, programas específicos de creación de recursos, materiais en rede,...). Teléfono e whatsApp do centro. Vídeo-conferencia cando sexa posible. Recursos web. Actividades conxuntas de centro .

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Remítirase información sobre esta adaptación da programación da materia de Relixión Católica do 3º trimestre ás familias a través de tokapp dende o centro indicando onde poden consultalas. Esta programación é provisional e poderá modificarse ata que sexa supervisada polo servizo de Inspección Educativa.

Publicidade

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

5. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais.

O ensino relixioso católico como materia integrada no currículo do alumno contribúe tamén, de xeito importante, ao desenvolvemento das competencias clave do currículo. Con todo, esta contribución non basta para que a área de relixión e moral católica concrete e especifique as súas propias competencias.

O ensino relixioso católico aporta elementos básicos en canto ao logro da **competencia en comunicación lingüística** (CCL) pois sérvese da linguaxe académica, das linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística na medida en que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, nos diversos modos de comunicación que a acción de Deus sobre o home utilizou. A súa revelación é rica en distintas linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, a linguaxe, en fin, testimonial que fai posible a transmisión vital do crido.

Respecto da **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCT) contribúe a expresar as ideas con rigor e orde, e a aprender a argumentar os diferentes contidos da materia estimando e xulgando a lóxica de tal argumentación. O desenvolvemento da ensinanza da relixión axuda a adquirir a competencia da busca da verdade a través da razón e do razoamento hipotético-dedutivo.

A Doutrina Social da Igrexa conecta a relixión co mundo físico, iluminando as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio e consigo mesmo. Aporta unha valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía.

Tamén apoia e dá sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren dende esta competencia, porque o cristián entende a Natureza como creación de Deus, polo que a valora, a coida e a fomenta.

A área de relixión integra a utilización das TIC para informar, aprender e comunicarse. Busca, obtén e analiza información sobre a realidade relixiosa, a procesa, a comunica e a transforma en coñecemento. Así, a pesares de que o saber específico da área non está relacionado de forma directa coas novas tecnoloxías, si se está a contribuír, igual que as outras materias do currículo de Educación Primaria establecido pola Lomce, na consecución da **competencia dixital** (CD).

O ensino relixioso contribúe positivamente ao desenvolvemento da competencia de **aprender a aprender** (CAA) no estudo e reflexión da mensaxe cristiá facilitando o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario, propoñendo non só unha proposta consensuada de valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que deberá ser crisol na procura da verdade e do ben.

Con relación ás **competencias sociais e cívicas** (CSC), na que se integran os elementos esenciais para a humanización, tanto personais como interpersonais e interculturais, e se recollen tódalas formas de comportamento que preparan ás persoas para participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social e profesional, o ensino relixioso católico aporta a fundamentación e xerarquización dos valores e virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posible a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo. Iso conleva mellorar as relacións interpersonais baseadas en principios e valores que emanan da persoa de Cristo e axuda, en consecuencia, a afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, valores xenuinamente cristiáns. No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí ven que as mínimas esixencias éticas de convivencia, participación, respecto á diversidade sexan consecuencias da fe cristiá.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (CSIEE) non poderá realizarse no alumno si non comeza xa a adestrarse no coñecemento de si mesmo, no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, xa que logo, ao sentido da cultura e da identidade mesma da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do alumno fronte a visións parciais e determinantes da liberdade propia. É finalidade fundamental do que facer da escola que os alumnos e as alumnas descubran a súa identidade persoal, facelos protagonistas da súa propia vida, construtores do mundo no que viven, pero isto non será posible sen unha apertura ao significado último e global da súa existencia humana.

A relixión e moral católica aporta á **conciencia e expresións culturais** (CCEC), unha valoración crítica da cultura á luz do evanxeo, motivando ao mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A contribución ao desenvolvemento desta competencia está relacionada cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados polo cristianismo dende a súa orixe ata o seu desenvolvemento actual, como manifestación do feito relixioso.

A cultura e a historia europea occidental, e a propia historia e cultura española, non poden ser comprendidas e asumidas de prescindires do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos.

En síntese, o ensino relixioso católico non se reduce a un ensino de valores; diríxese á persoa concreta nas súas raíces, nas súas posibilidades humanas e, sobre todo, diríxese ao ser humano na súa finalidade trascendente. Todo iso conleva o ofrecimento do Evanxeo de salvación de Xesucristo, para que, unha vez coñecido, xurda a humanidade nova feita de homes novos conforme ao designio de Deus

6 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- Obxectivos e contidos desenvolvidos.
- Temporalización.
- Grao mínimo de consecución para superar a materia.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.

1º de PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
REC-B1.1	1º-RECB1.1.1 - Coñece, respecta e cuida a obra creada.	Coñece a obra creada.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CAA
REC-B1.1	1º-RECB1.1.2 - Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.	Asómbrase polo que Deus fai.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL
REC-B1.2	1º-RECB1.2.1 - Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus.	Identifica os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
REC-B1.3	1º-RECB1.3.1 - Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.	Aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B1.3	1º-RECB1.3.2 - Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.	Reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA, CCL

REC-B2.1	1º-RECB2.1.1 - Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo.	Coñece que Deus fala con abraham e Moisés para ser o seu amigo.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B2.1	1º-RECB2.1.2 - Sinala e representa as	Sinala as características da amizade de Deus co home:		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC, CCL
	características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.	coidado, protección. acompañamento, colaboración ...				INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	
REC-B3.1	1º-RECB3.1.1 - Identifica a María e a Xesús como comunidade na que Deus faise presente entre os homes	Identifica a María e a Xesús.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B3.1	1º-RECB3.1.2 - Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza sa súa.	Valora a familia de Xesús a semellanza da súa.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
REC-B3.2	1º-RECB3.2.1 - Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.	Nomea lugares e acontecementos da vida de Xesús.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B3.3	1º-RECB3.3.1 - Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.	Nomea os momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.A		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B4.1	1º-RECB4.1.1 - Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.	Coñece as características da familia da Igrexa en semallanza coa súa propia familia.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC

REC-B4.2	1º-RECB4.2.1 - Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.	Respecta o templo como lugar sagrado.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCEC
REC-B4.3	1º-RECB4.3.1 - Coñece e expresa o sentido do domingo.	Coñece o sentido do domingo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCEC

2º de PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
REC-B4.3	2º-REC-B.4.3.1 - Relaciona a unidade da Igrexa coa a unidade dos órganos do seu propio corpo.	Compara a unidade da Igrexa coa a unidade dos órganos do seu propio corpo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
REC-B4.3	2º-REC-B.4.3.2 - Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como Pai de todos.	Sinala nunha representación gráfica a Deus como Pai de todos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B4.4	2º-REC-B.4.4.1 - Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.	Constrúe un calendario para situar os tempos litúrxicos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B1.1	2º-REC-B1.1.1 - Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e as persoas da súa contorna.	É consciente dos momentos e as cousas que lle fan feliz a el e as persoas da súa contorna.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC

REC-B1.2	2º-REC-B1.2.1 - Descubre a nomea situacións nas que necesita das persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.	Descubre situacións nas que necesita das persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL
REC-B1.3	2º-REC-B1.3.1 - Valora e agradece que Deus creoulle para ser feliz.	Agradece que Deus creoulle para ser feliz.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
REC-B1.4	2º-REC-B1.4.1 - Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.	Le o relato bíblico do Paraíso.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC, CCL
REC-B1.4	2º-RECB-1.4.2 - Identifica e representa gráficamente os dons que Deus fai ao home na Creación.	Identifica os dons que Deus fai ao home na Creación.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B1.4	2º-REC-B1.4.3 - Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratuidade de Deus pola súa amizade.	Expresa, de forma sinxela, a gratuidade de Deus pola súa amizade.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CLC, CSC
REC-B2.1	2º-REC-B2.1.1 - Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.	Coñece relatos bíblicos da acción creadora de Deus na historia.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA, CCL, CSC
REC-B2.1	2º-REC-B2.1.2 - Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.	Selecciona distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC
REC-B2.2	2º-REC-B2.2.1 - Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.	Asocia comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CD, CCL, CSC

REC-B2.2	2º-REC-B2.2.2 - Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.	Relata momentos da vida dos Patriarcas onde se expresa a protección, o coidado, e o acompañamento de Deus.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B2.3	2º-REC-B2.3.1 - escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.	Relata coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL, CSC
REC-B3.1	2º-REC-B3.1.1 - Le e expresa, verbal ou gráficamente o relato da Anunciación.	Le o relato da Anunciación.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL, CSC, CCEC
REC-B3.1	2º-REC-B3.1.2 - Dramatiza a misión dos personaxes que interviñen na Anunciación.	Dramatiza a Anunciación.	X			PROCEDEMENTOS: INSTRUMENTOS:	CCEC, CSC
REC-B3.2	2º-REC-B3.2.1 - Identifica os signos do Advento como tempo de espera.	Coñece o Advento.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B3.2	2º-REC-B3.2.2 - Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.	Valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
REC-B3.3	2º-REC-B3.3.1 - Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.	Coñece o relato do nacemento de Xesús.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC, CCL
REC-B4.1	2º-REC-B4.1.1 - Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.	Explica coas súas palabras o Bautismo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL

REC-B4.1	2º-REC-B4.1.2 - Identifica aos pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.	Identifica aos bautizados como pobo xerado por Xesús.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL
REC-B4.2	2º-REC-B4.2.1 - Asocia os elementos materiais do auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.	Coñece os elementos do Bautismo: auga,luz e óleo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC

3º de PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
REC-B1.1	3º-REC-B.1.1.1 - Recorda e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou a contorna son un agasallo.	Narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia son un agasallo.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CAA, CCL
REC-B1.1	3º-REC-B.1.1.2 - Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.	Nomea situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL
REC-B1.2	3º-REC-B.1.2.1 - Distingue e enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.	Distingue accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC

REC-B1.3	3º-REC-B.1.3.1 - Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.	Le as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL
REC-B2.1	3º-REC-B.2.1.1 - Aprende e ordea cronolóxicamente os principais feitos da historia de Moisés.	Aprende os principais feitos da historia de Moisés.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA, CSC
REC-B2.1	3º-REC-B.2.1.2 - Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.	Coñece a misión de Moisés no relato bíblico.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL
REC-B2.2	3º-REC-B.2.2.1 - Expressa gráficamente momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar ao pobo.	Dibuja momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar ao pobo.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B2.2	3º-REC-B.2.2.2 - Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que poden ter na vida actual.	Coñece o contido da Alianza.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC
REC-B2.3	3º-REC-B2.3.1 - Deseña de xeito ordeado viñetas que recollan os signos da amizade de Deus durante a travesía do seu pobo polo deserto.	Deseña viñetas que recollan os signos da amizade de Deus durante a travesía do seu pobo polo deserto.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC, CCL
REC-B2.3	3º-REC-B2.3.2 - Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.	Agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC

REC-B3.1	3º-REC-B3.1.1 - Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.	Narra o Bautismo de Xesús.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CSC, CCL
REC-B3.2	3º-REC-B3.2.1 - Descubre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices aos homes.	Descubre, nos relatos dos milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices aos homes.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL
REC-B3.2	3º-REC-B3.2.2 - Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.	Respecta o comportamento de Xesús cos pecadores.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC
REC-B3.3	3º-REC-B3.3.1 – Identifica e comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.	Comenta algunhas características diferenciais nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL
REC-B4.1	3º-REC-B4.1.1 - Busca testemuñas da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.	Busca, con axuda, testemuñas da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CCL
REC-B4.1	3º-REC-B4.1.2 - Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.	Crea relatos breves, de xeito guiado, para expresar como a acción misioneira, a caritativa e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CD, CSC, CSIEE
REC-B4.2	3º-REC-B4.2.1 - Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.	Compón textos, coas súas palabras, que expresen o diálogo da persoa con Deus.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CLC, CSC

REC-B4.2	3º-REC-B4.2.2 - Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío.	Con axuda, recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CLC, CSC, CCEC
REC-B4.3	3º-REC-B4.3.1 - Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.	Observa na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC, CSIEE
REC-B4.4	3º-REC-B4.4.1 - Explica significativamente a orixe do Nosopai.	Explica, con axuda, a orixe do Nosopai.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CCL, CSC
REC-B4.4	3º-REC-B4.4.2 - Reconstrúe e dramatiza o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos.	Coñece o contexto no que Xesús entrega a oración do Nosopai aos discípulos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CCL, CSC

4º de PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
REC-B1.1	4º-REC-B1.1.1 - Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.	Sinala situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CCL, CSC

REC-B1.1	4º-REC-B1.1.2 - Cualifica o tipo de pecado en situacións da súa contorna e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.	Cualifica, de xeito guiado, o tipo de pecado en situacións da súa contorna.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC, CCL, CSC
